



**8 DE MARZO**

## **DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES**

Proposta didáctica para a  
ESO, Bacharelato e  
Formación Profesional.

*“As tarefas non remuneradas son actividades económicas que crean riqueza”*

### **INTRODUCCIÓN**

A corresponsabilidade nas tarefas do fogar e no coidado das persoas con falta de autonomía é unha mostra do grao de desenvolvemento dunha sociedade igualitaria. Para iso é esencial transmitir valores de responsabilidade, cooperación e solidariedade entre outros. A non discriminación de xénero forma parte do crecemento da persoa. Xa que logo, dignificar o papel das mulleres no mundo e loitar polo cumprimento dos Dereitos Humanos e a Carta Mundial das Mulleres, debe ser un compromiso da sociedade e especialmente das educadoras e educadores.

O obxectivo desta proposta didáctica é sensibilizar ao alumnado da importancia da xestión económica da familia, unha tarefa realizada tradicionalmente polas mulleres, pero que debe ser compartida por todas as persoas que viven baixo o mesmo teito. Para tomar conciencia do valor dalgunhas cousas hai que medilas en termos económicos. Por iso, consideramos importante que rapaces e rapazas coñezan o custo dunha persoa asalariada para o traballo doméstico e/ou o coidado da infancia e das persoas maiores. A procura de documentación e o debate na aula axudarán á consecución destes obxectivos.

Non debemos esquecer nos debates de aula, que existen ademáis outros valores engadidos na realización das tarefas mencionadas, que non son cuantificábeis, pero que achegan á familia benestar, saúde física e emocional.

### **OBXECTIVOS**

1. Analizar as tarefas non remuneradas, como as do fogar e o coidado das persoas dependentes.
2. Coñecer a realidade do noso fogar e ver se esas tarefas son compartidas por todos os membros da familia.
3. Estudar o custo desas tarefas se as realizasen persoas asalariadas.
4. Que cada alumno ou alumna coñeza **internamente** os ingresos e gastos xerais mensuais da súa familia.

## CONTIDOS

1. Reflexionar sobre se no século XXI nos países desenvolvidos se seguen a producir situacións de desigualdade: na casa, no instituto, no traballo, etc.
2. Traballar co alumnado o significado de *persoas dependentes*.
3. Fomentar o reparto de tarefas entre os membros da familia.
4. Simular situacións reais na aula onde o alumnado comparta tarefas que tradicionalmente foron realizadas polas mulleres.
5. Valorar a xestión económica da familia.
6. Sensibilizar ao alumnado sobre a necesidade de construír unha sociedade igualitaria onde homes e mulleres teñan os mesmos dereitos e as mesmas obrigas.

### ACTIVIDADES DE AULA:

ACTIVIDADE 1: Esta actividade pódese realizar en pequenos grupos de 5 ou 6 persoas.

Buscar datos sobre salarios de traballadoras e traballadores domésticos, axuda a domicilio, etc., e saber o custo de cada un.

ACTIVIDADE 2: Cumprimentar o seguinte cuestionario individualmente e despois expor os resultados na clase.

| Nº de persoas que conviven na túa casa e grao de parentesco | Nº de persoas *dependentes que viven coa túa familia dicindo quen as coida | Nº de Persoas que traballan fóra da casa | ¿Quen realiza a limpeza? | ¿Quen realiza a compra? |
|---|--|--|--------------------------|-------------------------|
|   |  |  |                          |                         |

- Facer unha lista da compra co prezo unitario e calcular o orzamento dunha compra semanal e da compra mensual.

- Acompañar á persoa que realiza a compra na túa familia.

- Escribir un conto ou un poema no que os personaxes asuman os distintos roles dos membros dunha familia.

**CONCLUSIÓNS** : Ao finalizar as actividades cada grupo exporá o seu traballo ao resto da clase, e achegará as conclusións do grupo. Abrirase o debate e entre todas e todos elaborarán as conclusións finais.

\* Persoas dependentes: maiores, persoas de mobilidade reducida, nenas e nenos, etc.